



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓN DE CUALIFICACIÓNS OBTIDAS E DAS DECISIÓNS DE PROMOCIÓN E OBTENCIÓN DO TÍTULO ACADÉMICO CORRESPONDENTE

Colexio Plurilingüe San José de la Guía



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



OBXECTO DO PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓN

Este procedemento de reclamación de cualificacións obtidas e das decisión de promoción e obtención do título ten por obxecto establecer as **garantías para unha avaliación do alumnado conforme criterios obxectivos** e o procedemento de reclamación das cualificacións, promoción e titulación.

PROCEDEMENTO DE REVISIÓN NO CENTRO

O alumnado (ou os seus proxenitores ou representantes legais) poderá solicitar, de acordo co procedemento establecido, cantas aclaracións consideren precisas acerca das valoración que se realicen sobre o seu proceso de aprendizaxe, así como sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado. **EN TODO CASO, A RECLAMACIÓN FORMAL ABRANQUERÁ UNICAMENTE AS CUALIFICACIÓNS FINAIS.**

No caso de DESACORDO COA CUALIFICACIÓN FINAL, o trámite será:

Presentación da reclamación

(solicitud de revisión) por escrito.

Prazo:

2 días lectivos (ou, de ser o caso, hábiles) contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a comunicación.

Tramitación:

A xefatura de estudos trasladará ao equipo docente a persoa titora a reclamación.

No primeiro día lectivo ou hábil a contar desde que finalice o prazo de solicitud de revisión os membros do equipo docente analizarán as solicitudes de revisión, contrastarán as actuacións seguidas e elaborarán os correspondentes informes, que deberán recoller os seguintes aspectos:

- Adecuación dos contidos e criterios de avaliación
- Adecuación dos procesos e instrumentos de avaliación
- Correcta aplicación dos criterios de cualificación
- Decisión motivada de ratificación ou modificación da cualificación.

O informe se trasladará á xefatura de estudos, que comunicará por escrito aos interesados como máximo no día lectivo seguinte (ou se fose o caso, hábil). Á vista do informe elaborado, en función dos criterios de promoción ou titulación, considerarase a pertinencia de reunir en sesión extraordinaria ao equipo docente, por se considera valora a necesidade de revisar as decisións adoptadas



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



Revisión de decisións sobre promoción ou titulación

Se o obxecto de revisión é unha decisión sobre promoción ou titulación a solicitude trasladarase á persoa titora como responsable da coordinación da sesión final de avaliación en que a decisión foi adoptada.

Celebrarase unha reunión extraordinaria do prazo máximo de 2 días lectivos (ou hábiles) a contar desde a finalización do fin do período de solicitude de revisión.

A acta da sesión extraordinaria recollerá:

- A. Descrición dos feitos e actuacións previas
- B. Puntos principais da deliberación
- C. Ratificación ou modificación da decisión, motivada

Comunicarase por escrito a ratificación ou modificación da decisión.

Actas.

Se houberse que modificar algunha cualificación final, ou ben unha decisión sobre promoción ou titulación, a persoa titular da secretaría anotará a oportuna dilixencia nas actas ou no expediente e no historial académico.

As persoas interesadas no procedemento terán dereito a obter copia dos documentos contidos no expediente, que se lles remitirá en formato dixital esta entrega de copia de documentos só será en relación coa revisión de cualificacións finais ou de decisións sobre promoción e titulación.

RECLAMACIÓN ANTE AS XEFATURAS TERRITORIAIS

Prazo:

2 días hábiles, a contar desde o día seguinte á comunicación da decisión.

Presentación:

Por escrito presentado no centro docente, dirixido á xefatura territorial.

Tramitación:

- A dirección remitirá o escrito á xefatura no prazo de 3 días hábiles, coas novas alegacións do reclamante.



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



- Achegará co escrito os informes elaborados, copia dos instrumentos de avaliación, e, se é o caso, informe da persoa directora sobre as novas alegacións.
- servizo de Inspección analizará o expediente e emitirá informe favorable ou desfavorable,.
- No prazo de 15 días hábiles desde a recepción do expediente, a xefatura emitirá a resolución correspondente, que en todo caso será motivada.
- Se procede a modificación dalgunha cualificación final e dos consecuentes efectos de promoción ou titulación, expedirase a correspondente dilixencia nas actas ou nos restantes documentos de avaliación.
- A revisión no pode resolverse cunha cualificación inferior da inicialmente obtida.



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



CALENDARIO DE RECLAMACIONES DAS CUALIFICACIONES E DAS DECISIONS DE PROMOCION E OBTENCION DO TITULO ACADÉMICO

TRÁMITES E ACTUACIONES		PRAZO
Presentación	Reclamación formal ante a dirección	Dous días lectivos ou, se é o caso, hábiles desde o día seguinte á comunicación
Revisión no centro	Decisión de modificación ou ratificación da cualificación final (Informe do equipo docente)	Primeiro día lectivo seguinte ou, se fose o caso, hábil a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión
	Reunión extraordinaria para revisar o proceso de adopción da decisión de promoción ou titulación á vista das alegacións realizadas.	Dous días lectivos ou, se é o caso, hábiles desde a finalización do período de solicitude de revisión
	Comunicación da decisión ao alumnado reclamante, e á persoa docente titora	Día lectivo , ou se fose o caso, hábil, seguinte
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final	Tras o proceso de revisión
Reclamación ante a Xefatura Territorial	Reclamación ante a Xefatura Territorial no caso de que persista o desacordo	Dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final	Tras o proceso de revisión



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



RECLAMACIÓN ANTE O CENTRO

DATA	Ref.: Reclamación cualificación final
ASUNTO: Reclamación contra as cualificacións finais	DESTINATARIO: Sr./Sra. Director/a do centro

ALUMNO/A:		DNI:
Persoa que formula a reclamación e relación co/coa alumno/a		DNI:
Enderezo a efectos de notificacións		
MATERIA OU MÓDULO		
CURSO		

Visto que a cualificación final dada na citada materia ou módulo foi a seguinte_____e estando en desacordo coa mesma formúlase a presente reclamación en base aos seguintes feitos:

Feitos/motivos alegados na reclamación	
a)	A avaliación que se levou a cabo non foi adecuada aos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliados sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna cos recoleitos na correspondente programación didáctica.
b)	Os procedementos e os instrumentos de avaliación aplicados foron inadecuados, conforme o sinalado na programación didáctica.
c)	A aplicación dos criterios de cualificación e avaliación establecidos na programación didáctica para a superación da área ou materia non foi correcta.

Adicionalmete aos feitos alegados en xeral, fago constar as seguintes consideración de valoración para que sexan observadas e tidas en conta na decisión sobre a presente reclamación

En _____, a _____, de 202

O/a alumno/a ou persoa reclamante

Asdo.: _____



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com

